

**INSTANCIA: Procesos selectivos**  
(Cubrir en maiúsculas todos os campos)**Datos do/a aspirante**

D/D. <sup>a</sup>		DNI núm.
Enderezo para notificacións ( rúa, núm., escaleira, piso, letra, parroquia)		
Concello e Provincia	Código Postal	Teléfono

**EXPON:**

Que desexa participar no proceso selectivo de:	<b>PERSOAL LIMPEZA DE PRAIAS</b> <input type="checkbox"/> TRACTORISTAS
--	---

Por ilo **DECLARO:**

- Que reúno os requisitos xerais esixidos para poder participar nos procesos selectivos segundo o establecido no artigo 56 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) e demais normativa directamente aplicable.
- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas inherentes ao posto.
- Que non estou separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou en calquera dos supostos que contempla a Lei 7/2007 do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89 do 13/04/2007).

A tal fin, ACHEGO a seguinte documentación:

- Copia do documento identificador
- Copia do carné de conducir

Outros documentos (deberá incluír aquí os xustificantes dos méritos alegados que desexa que se lle valoren segundo a base 5.2.):

Polo exposto, **SOLICITO**, previos os trámites oportunos, se me inclúa no mencionado proceso selectivo.

Rianxo, ...../...../201....

**Sinatura** do solicitante ou representante  
( achégase autorización asinada ou poder notarial)**Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE RIANXO**



## Regulación a ter en conta do proceso selectivo

**Sistema de selección** (segundo o punto 5 das bases):

### 5.1 Oposición (Puntuación máxima: 12 puntos)

A fase de oposición terá carácter eliminatorio e, para superala, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista en cada unha das probas que se recollen deseguido.

#### 5.1.1 Proba coñecementos do posto de traballo:

Nesta fase o tribunal valorará os coñecementos, a capacidade, ... para a realización dos traballos obxecto do contrato. Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario de quince preguntas tipo test no tempo máximo que estableza o tribunal.

Puntuación máxima: 3 puntos. As preguntas versarán sobre os seguintes temas:

- O Concello de Rianxo: parroquias, lugares, praias e coñecemento en xeral.
- Maquinaria a utilizar e modos de emprego.
- Prevenición de riscos laborais no posto de traballo de limpeza de praias.

#### 5.1.2 Proba práctica de manexo do tractor con remolque con grúa:

Consistirá en circular co tractor, en liña recta, nun circuito con conos de polo menos 50 m. O aspirante terá que cargar no tractor dúas veces, usando a grúa que transporta no remolque, voltando o punto de inicio.

Para valorar a proba terase en conta o seguinte:

- 1) O tempo empregado;
- 2) Os conos tocados, tendo en conta que o conductor quedará eliminado se tira tres conos dos que delimitan o carril.

Puntuación máxima: 5 puntos.

#### 5.1.3 Proba práctica de manexo do tractor con brazo rozador:

Esta proba consistirá na roza dun noiro nunha pista forestal de 20 metros de largo. Nun tempo máximo de 20 minutos. A puntuación máxima será de 4 puntos e a valoración realizarase en función da destreza, resultado obtido e o tempo empregado.

**5.1.4 Proba práctica de coñecemento do galego:** Este exercicio será valorado como APTO ou NON APTO.- Estarán exentos aqueles aspirantes que acrediten que posúen o Celga 2 ou equivalente.

### 5.2 Concurso (Puntuación máxima: 5 puntos):

Nesta fase só se avaliará a aquelas persoas que superen a fase de oposición.

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio e a puntuación obtida nela non poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición. A puntuación máxima non poderá superar o 40 % da puntuación total. Terase en conta as seguintes indicacións:

- *A experiencia profesional na categoría deberá acreditarse conxuntamente por medio de informe de Vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade social e coa fotocopia cotexada dos contratos de traballo. No caso de ter traballado nalgunha administración pública as copias cotexadas dos contratos de traballo poderán ser substituídas por medio de certificado da Administración contratante do tempo traballado na categoría correspondente.*
- *O apartado de carné de conducir acreditarase cunha copia do documento acreditativo.*

**4.2.1 A experiencia profesional** valorarase ata un máximo de 2 puntos, por cada mes completo de servizos prestados como tractorista segundo o seguinte baremo:

\* En calquera Administración ou en empresas públicas dependentes destas: 0,5 puntos.      \* En empresas privadas: 0,40 puntos

#### 4.2.2 Carné de conducir C

Puntuación máxima: 1 punto

**4.2.3. Galego:** CELGA 3 ou equivalente ou superior: 2 puntos.

#### Realización do proceso:

- 1) Publicación do anuncio (07/10/2014)
- 2) Presentación das instancias no Rexistro xeral do Concello (ata as 14:00h do día 13/10/2014) e na **sede electrónica municipal** <https://sede.concelloderianxo.es>. No suposto de presentarse a instancia fóra do rexistro xeral do Concello, será necesario adiantala por fax ao núm. 981.866.628 ou 981.843.629, antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.
- 3) Publicación, na **sede electrónica municipal** <https://sede.concelloderianxo.es>, no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal das listaxes provisionais de admitidos e excluídos nos dez días seguintes ao remate do prazo de presentación de instancias.
- 4) Prazo de reclamacións: 2 días hábiles
- 5) Publicación no taboleiro de anuncios do Concello, na **sede electrónica** <https://sede.concelloderianxo.es>, e na páxina web municipal da resolución das reclamacións, das listaxes definitivas de admitidos e excluídos, composición do tribunal, lugar, data e hora de realización das probas.



**Información completa:** pode obter a información completa do proceso na páxina web municipal [www.concelloderianxo.es](http://www.concelloderianxo.es) e na sede electrónica municipal <https://sede.concelloderianxo.es>,